



Informe

Datos axencia tributaria
2018



Confederación Intersindical Galega

Informe datos axencia tributaria 2018

Cos datos que proporciona a enquisa “Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias”, elaboramos o estudo sobre os ingresos salariais da poboación asalariada en Galiza. Cómpre lembrarmos que a información desta estatística utiliza como base do estudo a Declaración anual de retencións e ingresos a conta sobre rendementos do traballo, de determinadas actividades económicas, premios e determinadas imputacións de renda (modelo 190). É, polo tanto, unha base moi exhaustiva de información. Trátase, ademais, dunha declaración que non posúe ningún suposto de exención da obriga de declarar. Así, todas as entidades -incluídas administracións públicas- que pagan salarios, pensións ou prestacións por desemprego están obrigadas a presentar o modelo, con independencia da personalidade, a actividade, a dimensión ou o carácter público ou privado destas. De aí que a información sexa exhaustiva e moi detallada.

É certo que, aínda que se fale de salario medio anual, o termo fai referencia os ingresos por salarios ao longo do ano, sen distinguir o número de días ou horas traballadas, co cal non podemos utilizar este dato en termos de salario medio, senón como ingreso medio por salario. Tamén convén

recordar que se trata de ingresos salariais brutos.

As persoas traballadoras poden combinar os ingresos salariais con outro tipo de ingresos derivados de prestacións, pensións, etc. Neste informe imos analizar, especialmente, os ingresos derivados do salario nas distintas posibilidades que a enquisa nos ofrece: por tramos de salario, por sexo, actividade económica... pero antes, e para darmos unha visión máis completa, achegamos a táboa de todas as persoas que declararon ingresos á axencia tributaria, independentemente de se estes procedían de salario, dunha pensión ou dunha prestación por desemprego.

Estes datos non só permiten analizar polo miúdo a situación económica da meirande parte da poboación galega, senón que son unha foto precisa das fortes desigualdades existentes entre a poboación asalariada galega, desigualdades que proveñen da actividade onde preste a traballo a persoa, da idade, de se é unha muller ou un home... Ademais, non só permite ver a situación actual, senón que, ao comparala con anos anteriores, permite ver como foi evolucionando no tempo.

Segundo a procedencia da fonte de ingresos, as diferenzas ou desigualdades xa son notorias.

Grupos de poboación pola natureza das súas retribucións. Ano 2018

		Asa.	Pen.	Des.	Asa. e Pen.	Asa. e Des.	Pen. e Des.	Asa. Pen. e Des.	Total
Salarios	Persoas	835.065	0	0	46.818	159.299	0	4.340	1.045.522
	Retribución								
	Anual Media	21.215	-	-	14.055	10.154	-	9.119	19.159
Pensións	Persoas	0	725.058	0	46.818	0	6.799	4.340	783.015
	Retribución								
	Anual Media	-	13.163	-	13.596	-	8.700	8.011	13.122
Desemprego	Persoas	0	0	50.785	0	159.299	6.799	4.340	221.223
	Retribución								
	Anual Media	-	-	4.260	-	2.609	3.457	2.644	3.015
Total	Persoas	835.065	725.058	50.785	46.818	159.299	6.799	4.340	1.828.164
	Retribución								
	Anual Media	21.215	13.163	4.260	27.650	12.763	12.157	19.774	16.942

Abreviaturas

Pen. = Pensionistas, Asa. = Asalariados/as, Des. = Desempregados/as

Fonte: Axencia Tributaria. Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias. Ano 2018.

No ano 2018, 1.828.164 persoas en Galiza declararon ingresos á Axencia tributaria. Delas, o grupo máis numeroso é o das persoas que percibiron soamente salarios, o 45% do total (un 5,2% máis que no ano 2017). Se a estas sumamos as que combinan salario con algunha pensión ou prestación por desemprego, acadamos o 57% das persoas declarantes o ano pasado.

O grupo de pensionistas tamén se incrementou, concretamente un 3,7% ata acadar as 725.058 persoas que só percibiron ingresos por unha pensión no ano 2018, chegando ao 39,6% das persoas declarantes a facenda.

Pola contra, as persoas que só percibiron ingresos derivados dunha prestación por desemprego, baixaron un 11,2%, situándose en 50.785 no ano 2018.

No que atinxe aos ingresos, pertencer a un grupo de poboación ou a outro marca importantes diferenzas. É sen dubida un dos primeiros factores de desigualdades existentes en Galiza.

Malia as grandes diferenzas que existen entre as persoas asalariadas (como logo veremos polo miúdo máis adiante), é o grupo con maiores ingresos medios; concretamente, 21.215 euros brutos anuais, moi por riba dos ingresos dunha persoa pensionista que de media percibiu 13.163 euros ao ano, 8.052 euros menos, preto da metade.

En canto ás persoas que só percibiron ingresos procedentes de prestacións por desemprego, o ingreso medio foi de 4.260 euros bruto ao ano.


Estas fortes diferenzas matízanse levemente, cando se combinan ingresos de máis dunha fonte, pero aínda así son moi pronunciadas. Os maiores ingresos corresponden a persoas asalariadas que ademais percibiron unha pensión durante o devandito ano. Neste caso a retribución anual media acadou os 27.650 euros.

Se se perciben ingresos polas tres vías posibles, a retribución media pode acadar os 19.774 euros.

As persoas pensionistas que ademais tiveron algúns ingresos por salarios tamén incrementan levemente os ingresos ata os 13.596 euros anuais.

Unhas fortes diferenzas de ingresos, que logo se agudizan cando estas persoas se van repartindo por tramos de ingresos en función do Salario Mínimo Interprofesional (SMI), ou das pensións, no caso das pensionistas.

Sen dúbida, esta fonte estatística é a que en maior medida nos achega ás desigualdades existentes en Galiza. A partir de agora, centrémonos nas persoas que percibiron ingresos procedentes do traballo. Antes de analizarmos as distintas variables que a estatística permite, imos expor como foi a evolución do salario medio desde o ano 2009.



Con respecto a 2009 o Salario Medio Anual (en adiante SMA), ou retribución media, incrementouse un 5,2%, pero durante este longo período, houbo anos onde os ingresos medios descendéron fortemente. De feito, ata o ano 2017 non se acadaron os ingresos previos á crise. O medre deste dous últimos anos permitiu esta mellora.

Estamos falando de ingreso nominais. Se temos en conta que a inflación, medida a través do IPC, medrou un 11,8% neste período, o SMA, en termos reais

aínda é na actualidade un 6,6% inferior ao ano 2009.

Sen esquecer estes “matices”, a partir de agora imos afondar nas diferenzas existentes entre a clase asalariada. No seguinte cadro, distribuímos a poboación asalariada por tramos de ingresos do SMI (que para o ano 2018 acadou os 10.302,6 euros anuais, 735,90 mensuais).

Persoas asalariadas a Salario Medio Anual (SMA) por tramos de salario, en función do SMI. Galiza. Ano 2018.

Persoas asalariadas a Salario Medio Anual										
Tramos de salario	2009		2017		2018		Evolución 2009/2018			
							Asalariados/as		SMA	
	Asal.	SMA	Asal.	SMA	Asal.	SMA	absoluta	%	absoluta	%
Total	1.092.731	18.217	1.025.178	18.463	1.045.522	19.159	-47.209	-4,3	942	5,2
De 0 a 0,5 SMI	158.709	1.947	182.120	2.020	172.823	2.174	14.114	8,9	227	11,7
De 0,5 a 1 SMI	131.733	6.597	139.000	7.498	140.778	7.804	9.045	6,9	1.207	18,3
De 1 a 1,5 SMI	159.154	11.055	166.160	12.507	180.861	12.995	21.707	13,6	1.940	17,5
De 1,5 a 2 SMI	206.880	15.305	181.844	17.231	192.076	17.886	-14.804	-7,2	2.581	16,9
De 2 a 2,5 SMI	131.141	19.443	113.150	22.037	116.391	22.883	-14.750	-11,2	3.440	17,7
De 2,5 a 3 SMI	82.188	23.841	69.400	27.165	69.932	28.266	-12.256	-14,9	4.425	18,6
De 3 a 3,5 SMI	57.605	28.317	55.826	32.040	57.660	33.274	55	0,1	4.957	17,5
De 3,5 a 4 SMI	42.870	32.624	36.571	37.097	36.913	38.573	-5.957	-13,9	5.949	18,2
De 4 a 4,5 SMI	34.144	37.074	26.069	41.912	24.321	43.614	-9.823	-28,8	6.540	17,6
De 4,5 a 5 SMI	27.641	41.335	14.487	46.869	14.103	48.763	-13.538	-49,0	7.428	18,0
De 5 a 7,5 SMI	42.838	51.579	29.760	59.040	29.475	61.324	-13.363	-31,2	9.745	18,9
De 7,5 a 10 SMI	11.459	74.444	7.110	83.585	6.594	87.043	-4.865	-42,5	12.599	16,9
Más de 10 SMI	6.068	129.633	3.681	179.152	3.595	182.051	-2.473	-40,8	52.418	40,4

Fonte: Axencia Tributaria. Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias. Ano 2018.

Aínda que no último ano aumentou o número de asalariadas e asalariados en Galiza (un 2%), se o comparamos co ano 2009 (no que os efectos da crise se comezaron a manifestar en Galiza), hai 47.209 persoas asalariadas menos, un 4,3% inferior.

Non só se perdeu poboación asalariada neste período, senón que o descenso das persoas asalariadas foi moi desigual dependendo do tramo de salario na que están situadas. O descenso afectou ás persoas con ingresos superiores a 1,5 veces o SMI; a partir deste intervalo de ingresos, os descensos no número de asalariadas e asalariados son moi grandes. Nalgún intervalo as caídas son próximas ao 50%.

Pola contra, medrou a ocupación entre as de menores ingresos, ata 1,5 veces o SMI.

A evolución do SMA foi á inversa. Onde menos medrou foi no de menores ingresos. A medida que vai aumentando o tramo de ingresos tamén

o salario medrou máis con respecto a 2009. Os ingresos das persoas cun SMA superior a 10 veces o SMI medraron 40%; os das persoas con menos da metade do SMI, un 11,7%.

É dicir, menos persoas asalariadas, e entre elas cada vez son máis numerosas as de menores ingresos, o que implica un forte medre das desigualdades. Esta é a primeira conclusión dos datos da axencia tributaria.


Desagregando máis polo miúdo:

- O 16,5% (172.823 persoas) da poboación asalariada ingresou como máximo a metade do SMI, é dicir, non superou os 2.174 euros anuais de media.
- No 30% dos asalariados e asalariadas, os seus ingresos foron inferiores ao salario mínimo interprofesional. De media non superaron os 7.804 euros ao ano.

- En cambio, hai un 0,3% da poboación cuxos ingresos superaron os 182.051 euros ao ano. Outro dato que visibiliza con gran contundencia o medre das desigualdades, ou a polarización do mercado de traballo, é a comparación dos ingresos

entre o menor e o maior tramo. No ano 2009, os ingresos dunha persoa do tramo superior equivalía a 66,5 persoas do tramo inferior; en 2018 equivale a 83,7.

O gráfico seguinte permite ver co moita claridade este profundo medre das desigualdades.



Fonte. Elaboración propia a través dos datos da axencia tributaria.

No gráfico percíbese con nitidez como nos catro primeiros tramos (de menores ingresos) o número de persoas asalariadas é superior no ano 2018 ao ano 2009. A partir de aquí, a relación é a inversa.

Con respecto a 2017, aumentou un 2% o número de persoas asalariadas, e un 3,8% o salario medio anual. Así mesmo, continuou o descenso

entre as de máis ingresos; neste caso, para ingresos superiores a 4 veces o SMI. Tamén descendeu no grupo de ingresos entre 0 e 0,5 veces o SMI.

O SMA medrou de forma bastante proporcional en todos os tramos de ingresos.

Segundo o sexo da persoa asalariada, as diferenzas tamén son importantes.

Persoas asalariadas segundo sexo:							Evolución 2009/2018			
	2009		2017		2018		Asal.		SMA	
	Asal	SMA	Asal	SMA	Asal	SMA	Absoluta	%	Absoluta	%
Total	1.092.431	18.217	1.025.178	18.463	1.045.522	19.159	20.344	-4,3	942	5,17
Homes	612.258	20.271	541.423	20.554	549.671	21.327	8.248	-10,2	1.056	5,21
Mulleres	479.849	15.594	493.752	16.123	495.851	16.755	2.099	3,3	1.161	7,45

Fonte: Axencia Tributaria. Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias. Ano 2018

A virulencia coa que a crise afectou a determinadas actividades moi masculinizadas como construción e algunha rama de actividade industrial,

fai que, a pesar de que nos últimos anos se estea incrementando en maior medida o emprego masculino respecto do feminino, aínda na actualidade o

número de mulleres asalariadas sexa un 3,3% superior ao ano 2009, mentres que o de homes estea un 10,2% por debaixo con respecto ao inicio da crise.

No último ano, aumentou a poboación asalariada tanto entre as mulleres como entre os homes, pero mentres entre as primeiras o fixo nun 0,4%, entre os homes medrou un 1,5%, o que vén a confirmar outra das características do mercado de traballo en Galiza: cando a situación económica é adversa, as mulleres melloran a posición relativa con respecto aos homes, pero cando a situación comeza a recuperarse, son os homes os que en maior medida melloran a súa posición.

No que atinxe aos ingresos medios anuais tamén se produciu un acercamento entre sexos durante este período. Con respecto a 2009 medraron os ingresos anuais medios un 5,21% entre a poboación masculina e un 7,45 entre as mulleres asalariadas; Aínda persiste unha forte diferenza por razón de

sexo. As mulleres, de media, ingresaron o 78,5% dos homes, o que sitúa a fenda salarial de xénero no 21,5%. No ano 2009 esta fenda situábase no 23,1%.

En termos absolutos e para o ano 2018, os ingresos medios das mulleres foron de 16.755 euros brutos anuais. Entre os homes, os ingresos medios acadaron os 21.327 euros anuais, 4.572 euros menos.


A idade é outro dos factores importantes xerador de desigualdade, factor que ao noso modo de ver obedece, maioritariamente, ao momento en que a poboación se insire no mercado de traballo. A xente nova accedeu a este nos últimos anos, polo que atoparon un mercado totalmente precarizado (froito en gran parte das dúas últimas reformas laborais). Así, independentemente do sexo, idade, formación, etc., a súa situación de entrada é moito máis precaria que a dos seus homólogos da mesma rama. Logo os outros factores agudizan as diferenzas.

Os datos por idade son os seguintes

Tramos de idade	2009		2017		2018		Evolución 2009/2018			
	Asal.	SMA	Asal.	SMA	Asal.	SMA	Asal.		SMA	
							Absoluta	%	Absoluta	%
Total	1092431	18217	1025178	18463	1045522	19159	-46.909	-4,3	942	5,17
Menor de 18	3754	4358	1898	1347	2083	2134	-1.671	-44,5	-2.224	-51,03
De 18 a 25	120339	8341	81893	6558	84619	6924	-35.720	-29,7	-1.417	-16,99
De 26 a 35	326813	15442	218442	14310	216025	15020	-110.788	-33,9	-422	-2,73
De 36 a 45	294263	19546	312528	19381	315873	19992	21.610	7,3	446	2,28
De 46 a 55	224072	23116	252436	22195	264141	22716	40.069	17,9	-400	-1,73
De 56 a 65	114977	24012	142301	24096	150687	24464	35.710	31,1	452	1,88
Máis de 65 anos.	8213	17222	15680	10975	12094	15996	3.881	47,3	-1.226	-7,12

Fonte: Axencia Tributaria. Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias. Ano 2018

SMA 2009 - 2018 por grupos de idade



O gráfico é moi descritivo, tanto das fortes diferenzas por idade como do incremento destas durante o período analizado.

No que atinxe ás diferenzas por idade, o gráfico é moi claro: a medida que aumenta a idade do traballador ou traballadora, medran os ingresos medios anuais, medre que se frea ao chegar a idade de xubilación; así, a partir dos 65 anos os ingresos medios procedentes do traballo baixan.

Os ingresos anuais das persoas menores de 18 anos acadaron como máximo os 2.134 euros anuais no ano 2018, menos da metade do SMI. Ata os 26 anos non se acadan ingresos que superen o SMI. Os ingresos de maior contía acádanse entre os 56 e os 65 anos.

As diferenzas por idades son alarmantes. Unha persoas de entre 56 a 65 anos ingresou, de media, 12 veces máis que unha menor de 18 anos.

O grupo máis numeroso de traballadoras/os, está no intervalo de idade comprendida entre os 36 e os 45 anos (30% do total). No ano 2009 o

grupo máis numeroso era o de idades comprendidas entre os 26 e os 35 anos.

Neste dez anos, produciuse un fortísimo avellentamento da poboación asalariada. No ano 2009 as persoas menores de 36 anos eran o 41,3% da poboación asalariada; a finais de 2018, apenas supoñen o 29%. O descenso da poboación asalariada máis nova foi superior ao 30%.

As persoas máis novas son menos e cuns ingresos moi inferiores a hai 10 anos; entre as menores de 18 anos reduciuse o SMA un 51%, e entre as de idades comprendidas entre os 18 e 25 anos a redución foi do 17%.

É dramática a situación do mercado laboral en Galicia, totalmente fragmentado, polarizado, mal pago...

No último ano aumentou o emprego en todos os grupos de idade salvo entre as persoas de 26 a 35 anos, e o SMA tamén aumentou para todas as persoas traballadoras.

A actividade económica onde o traballador ou traballadora estea empregado é outro factor determinante de desigualdade.

Persoas asalariadas e salario medio anual segundo rama de actividade										
	2009		2017		2018		Evolución 2009/2018			
							Asal.		SMA	
	Asal	SMA	Asal	SMA	Asal	SMA	Absoluta	%	Absoluta	%
Total sectores	1.092.431	18.217	1.025.178	18.463	1.045.522	19.159	-46.909	-4,3	942	5,17
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	22.570	13.807	24.596	15.346	24.521	15.991	1.951	8,6	2.184	15,82
Indust. extractiva, enerxía e auga	17.432	24.009	11.267	27.861	10.836	28.923	-6.596	-37,8	4.914	20,47
Industria	155.134	18.853	138.203	20.152	134.874	21.783	-20.260	-13,1	2.930	15,54
Construción e act. inmobiliarias	132.698	16.361	76.911	17.535	80.023	18.379	-52.675	-39,7	2.018	12,33
Comercio, reparacións e transporte	234.185	15.586	227.756	17.355	227.638	18.092	-6.547	-2,8	2.506	16,08
Información e comunicacións	24.513	21.111	19.730	23.257	20.438	24.394	-4.075	-16,6	3.283	15,55
Entidades finanz. e aseguradoras	29.705	31.938	20.979	33.338	23.085	32.017	-6.620	-22,3	79	0,25
Servizos ás empresas	120.271	14.326	130.480	14.303	133.361	15.025	13.090	10,9	699	4,88
Servizos sociais	259.149	24.510	250.297	23.938	264.736	23.959	5.587	2,2	-551	-2,25
Outros servizos persoais e de ocio	96.773	9.128	124.958	9.078	126.011	9.632	29.238	30,2	504	5,52

Fonte: Axencia Tributaria. Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias. Ano 2018

No que a distribución segundo ramas de actividade se refire, o cadro anterior indica que a rama de actividade cos ingresos salarios medios máis elevados continúa sendo a rama de entidades financeiras e aseguradoras (a pesar que foi a única rama de actividade na que no ano 2017 descendieron os ingresos con respecto ao ano anterior), con 32.017 € de arama con menores ingresos; no ano 2018 foron de 9.632 euros ao ano. É dicir, nin sequera acada o SMI.

No que atinxe ás persoas asalariadas, a rama de actividade con maior ocupación é a de servizos sociais, o SMA desta acadou os 23.959 euros no ano 2018. Con respecto a 2009 medrou a ocupación pero descendeu o ingreso medio un 2,2%. É a única actividade económica na que aínda o ingreso salarial é inferior ao ano 2009.

Por outra banda, na que máis aumentou o emprego neste período foi na de outros servizos persoais e de ocio, concretamente o 62% dos novos asalariados/as con respecto a 2009 están inscritos neste rama. Rama que como dixemos anteriormente ten os ingresos máis baixos de todas.

No que atinxe ao emprego, industria e construción son as que continúan rexistrando as maiores perdas de emprego destes 10 anos. Nas ramas industriais continuase perdendo emprego no ano 2018, non así na construción, na que se incrementou un 4%. No que atinxe aos ingresos, foi en industrias extractivas e enerxía onde máis medraron estes desde o ano 2009.

As diferenzas entre as catro provincias galegas tamén se deben salientar.

Grupos de poboación pola natureza das súas retribución e provincia. Ano 2018					
	Galiza	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Emprego					
Asalariados/as	1.045.522	444.107	119.530	107.002	374.883
Salario medio anual	19.159	20.385	17.959	17.614	18.529
Desemprego					
Desempregados/as	221.223	87.576	22.886	23.289	87.472
Prestación media anual	3.015	3.083	3.014	2.998	2.952
Pensións					
Pensionistas	783.015	312.298	113.667	107.733	249.317
Pensión media anual	13.122	13.762	12.211	11.592	13.396

Fonte: Axencia Tributaria. Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias. Ano 2018

Na provincia da Coruña é onde se rexistra o maior número de persoas asalariadas, pensionistas ou desempregadas. Así mesmo, é a que rexistra os maiores ingresos en todos os grupos de poboación. É na única provincia onde os ingresos medios dos distintos grupos de poboación están por riba da media galega. No lado oposto sitúase a poboación da provincia de Ourense, que rexistra os peores datos das catro provincias.

A diferenza entre o SMA dunha persoa asalariada na provincia da Coruña e unha da de Ourense é de 2.771 euros, un 13,6% menos. Tamén entre as persoas pensionistas as diferenzas son importantes (2.170 euros menos), co agravante de que na provincia de Ourense hai máis pensionistas que persoas asalariadas.

E xa para rematar, é importante a comparación co resto do Estado.

Persoas asalariadas e Salario Medio Anual por comunidades								
					Evolución 2009/2018			
	2009		2018		Asalariados/as		SMA	
	Asal	SMA	Asal	SMA	Absoluta	%	Absoluta	%
Total	18.451.827	19.085	18.889.515	19.809	437.688	2,4	724	3,8
Andalucía	3.319.251	15.566	3.479.559	15.668	160.308	4,8	102	0,7
Aragón	595.187	19.706	604.069	19.973	8.882	1,5	267	1,4
Asturies	425.271	19.824	380.817	20.650	-44.454	-10,5	826	4,2
Illes Balears	471.720	18.144	534.832	19.153	63.112	13,4	1.009	5,6
Canarias	842.940	16.611	905.470	17.022	62.530	7,4	411	2,5
Cantabria	244.781	19.588	240.556	19.890	-4.225	-1,7	302	1,5
Castela a Mancha	855.629	16.929	865.873	17.365	10.244	1,2	436	2,6
Castela e León	1.040.507	18.758	984.565	19.288	-55.942	-5,4	530	2,8
Catalunya	3.341.731	21.261	3.460.909	22.373	119.178	3,6	1.112	5,2
Extremadura	437.771	14.767	442.275	14.651	4.504	1,0	-116	-0,8
Galiza	1.092.431	18.217	1.045.522	19.159	-46.909	-4,3	942	5,2
Madrid	2.968.360	24.583	3.049.015	25.904	80.655	2,7	1.321	5,4
Murcia	600.637	16.281	634.139	16.828	33.502	5,6	547	3,4
A Rioxa	138.263	18.820	140.961	19.747	2.698	2,0	927	4,9
C. Valenciá	2.018.551	17.303	2.058.058	18.232	39.507	2,0	929	5,4

*) Os datos do País Vasco non forman parte desta estatística ao dispor dun sistema tributario propio.

Fonte: Axencia Tributaria. Mercado de traballo y pensiones en las fuentes tributarias. Ano 2018

O SMA no Estado español foi de 19.809 euros; no ano 2018, un 3,8% superior ao do ano 2009. A comunidade cos ingresos salariais medios máis elevados continúa a ser Madrid, un 30% superiores á media estatal. Catalunya e Asturies son as outras dúas comunidades que superan a media.

Extremadura é a comunidade con ingresos máis baixos, situándose no 74% da media do Estado, seguida de Andalucía, que está no 79,1%.

En Galiza mantéñense por debaixo da media, concretamente no 96,7%.

Con respecto a 2009, aumentaron as diferenzas entre comunidades. Madrid (cos maiores ingresos xa de partida) foi, xunto coa Comunidade Valenciá, onde máis medraron os ingresos medios da clase traballadora neste período. Pola contra, en Extremadura, que xa posuía os ingresos máis baixos en 2009, en 2018 estes son infe-

riores a ese ano, concretamente un 0,8% menos (é a única comunidade con ingresos inferiores ao ano 2009), de aí que a desigualdade entre unha e outra pasase duns 51,4 puntos porcentuais en 2008 a 56,8% en 2018.

No que atinxe á poboación asalariada, Galiza sae peor parada. É a segunda comunidade, despois de Castela e León, con maior perda de emprego asalariado, en termos absolutos, nos anos analizados. Concretamente 46.909 empregados/as menos. En termos relativos o maior descenso produciuse en Asturies, onde as persoas declarantes de ingresos á Axencia Tributaria descendieron un 10,1%.

Gabinete Técnico Confederal - CIG

